



INFORMACIÓN SOBRE PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES SOBRE O CONCURSO DE TRASLADOS – (Servizo de profesorado de Secundaria)

B

BAREMO – MODIFICACIÓNS

Os únicos apartados que pode modificar na páxina web, se é o caso, son o **1.4** (agás o apartado 1.4.3.) e o **1.3** (segundo as indicacións que se dan na convocatoria e nas instrucións que aparecen na páxina web). As modificacións que son solicitadas por teléfono ou por correo electrónico fanse desde o Servizo do profesorado e poderán ser comprobadas polos usuarios posteriormente.

Apartado **1.2.5**. Como se indica no Baremo que aparece no DOG, e tamén en Internet, o apartado 1.2.5. é exclusivamente para a xente que está en expectativa de destino ou que participa por primeira vez desde un destino definitivo. Neste último caso, pódese elixir entre participar polo apartado 1.2.4. ou polo apartado 1.2.5. segundo máis lle conveña ó solicitante. Na páxina web xa está puntuado o apartado máis favorable para o concursante.

A puntuación de **cargos directivos, órganos de coordinación didáctica e cursos** organizados polos Centros de Formación e Recursos de Galicia non teñen que xustificarse documentalmente se a puntuación que figura no Baremo está correctamente incluída.

C

CLAVE E NOME DE USUARIO NECESARIOS PARA ACCEDER Ó SISTEMA

Debe acceder ó servizo web co enderezo electrónico e a clave de correo rematada en @edu.xunta.es. Ámbalas dúas teñen que ser correctas para poder entrar. Pode ser que nun momento concreto non poida entrar ou se desconecte o servizo por conxestión no sistema ou por outros motivos (teña en conta que hai momentos en que é máis difícil poder acceder a certos datos. Se fose así, volva a intentalo noutro momento, por favor.

CLAVE DE CORREO E ENDEREZO ELECTRÓNICO

O enderezo electrónico e a clave de correo, ó igual có DNI, teñen que ser correctas para poder entrar. Pode ser que nun momento concreto non poida entrar no sistema ou se desconecte por exceso de usuarios conectados ou por outros motivos.

Tódalas persoas que teñan conta de correo no dominio @edu.xunta.es deberían poder acceder sen problema se poñen ben os seus datos (DNI, Nome de usuario de conta de correo e clave do correo que teña no dominio @edu.xunta.es). Cómpre poñer especial atención á clave do correo e segui-las instrucións que se dan na páxina do servizo web. (Deberán poñer especial atención ás maiúsculas, minúsculas, etc)

CONTA BLOQUEADA / ACCESO DENEGADO

Se comete máis de tres erros seguidos ó teclea-la clave secreta da súa conta de correo quedará bloqueado/a e non poderá acceder ós seus datos. Se fose así debe conectar co Servizo de Persoal de Secundaria para elimina-lo posible bloqueo.

CONTRASINAL ESQUECIDO

Se non lembra o contrasinal da conta de correo electrónico ou se non lembra o PIN necesario para dala de alta debe poñerse en contacto coa UAC (Unidade de Atención a Centros) para solicitar unha nova conta e que lle sexa anulada a anterior, segundo se indica nas Instrucións para participar empregando a páxina Web. Pode facelo enviando os seus datos por correo electrónico ó enderezo uac@edu.xunta.es indicando o seu NIF, Nome e apelidos completos e o centro de destino. A UAC tamén conta con un número de fax (901934400) e un número de teléfono (902905445) por se ten dificultades á hora de face-la solicitude ou problemas coa recepción.

Se o que non lembra é o nome de usuario pero si sabe o PIN debe chamar por teléfono e é posible que poida darse de alta novamente sen necesidade de solicitar unha nova conta (para iso debe chamar ó teléfono 902905445)

Se lle serve de utilidade indicámoslle que tamén pode conectar co servizo de profesorado nos teléfonos que se indican nas Instrucións e intentaremos axudarlle se non puidese conectar coa UAC.

CÓDIGOS DOUTRAS COMUNIDADES Non se poden incluír códigos doutras comunidades por non tratarse dunha convocatoria xeral aberta a tódalas comunidades (esta circunstancia dáse cada dous anos e ata o próximo non toca). Sen embargo, se se concursa de forma voluntaria e se a Comunidade que interesa o permite poderían participar os que o desexen cubrindo os datos na instancia da comunidade en cuestión, e que terán que coincidir cos publicados na súa convocatoria, sempre e cando a comunidade aceptase a entrada de profesorado de fóra dela. Galicia este ano NON permite a entrada de xente de fóra e, no caso doutras comunidades deben consultalo.

D

DATOS - CERTOS SOLICITANTES NON TEÑEN DATOS CUBERTOS

Polo xeral as persoas que concursaron nos últimos concursos de traslados teñen datos rexistrados, con excepción dalgúns casos). A maioría dos participantes (excepto algún caso concreto) terá os datos de baremo estimado e mailas peticións da última ocasión, con excepción dos solicitantes ós que lles foi concedido destino hai dous anos e que deberán formular novas peticións de centros. De tódolos xeitos, se vostede participa agora polo servizo web terá os datos gardados para sucesivas ocasións.

Se non ten peticións debe gravalas e xunto coa instancia presenta-la folla de alegacións cuberta. En cambio non ten que presenta-los documentos xustificativos que xa consten na Consellería (soamente entregaría os novos que poida ter desde a última vez que participou).

Se vostede non atopa os seus datos do último Concurso Xeral de Traslados pode ser que ó intentar entrar non elixise ben o corpo polo que participa (xusto antes de poñelo seu DNI, nome de usuario e clave). Se ten algún problema pode comunicarse con este servizo indicándonos os datos necesarios: DNI, Nome e Apelidos e tamén un teléfono móbil ou fixo para poder conectar con vostede se fose necesario resolver calquera problema concreto con respecto á súa solicitude.

DATOS PERSOAIS

Unha vez que se está dentro do sistema se non ten a pantalla de Datos persoais cuberta debe completa-los datos necesarios **sempre con letras maiúsculas**. (Non se admiten minúsculas nin certos símbolos)

DESRAZADOS POR FALTA DE HORARIO Aínda que vostede sexa desprazado/a do centro por falta de horario concursa voluntariamente e polo tanto tamén pode renunciar ó concurso. Neste caso, tamén se pode participar a través da páxina Web.

DOCUMENTACIÓN PARA ENTREGAR:

A instancia é obrigatorio presentala asinada tanto se participa pola páxina web como polo método tradicional (neste caso debe enviarse tamén fotocopia). Os usuarios deben quedarse sempre cunha copia da instancia rexistrada.

A folla de Alegacións ó Baremo, téñena que presentar as persoas que fagan a solicitude por Internet e non estean de acordo con algún dos puntos do Baremo. (Nese caso si que é necesario presenta-lo documento xustificativo - por exemplo un novo título-, agás se se tratase de cargos directivos, órganos de coordinación didáctica, que xa foron solicitados con anterioridade ós centros e que non hai que presentar nin xustificar.

Tampouco hai que xustificar aquelas actividades de formación que xa fosen baremadas a partir dos datos solicitados ós Centros de Formación e Recursos.

A folla de Alegacións. (equivalente á antiga **Folla de Servizos**) deberana presentar tódolos participantes que non soliciten a través do servizo web, ou tamén aqueles que participando polo servizo web non teñan os méritos baremados pola Administración. En tódolos casos non deberán presenta-los xustificantes dos méritos que consten na Consellería desde os últimos oitos anos e si presentarán obrigatoriamente os méritos novos desde a última vez que participaron.

Se se teñen outros méritos a maiores para seren puntuados deben relacionarse na Folla de Alegacións e presenta-la documentación xustificativa se é que non consta na Consellería. Os méritos que non fosen retirados polo interesado e consten na Consellería deben relacionarse pero non hai que presentalos, sempre e cando se estea de acordo coa puntuación.

Se vostede está de acordo coas peticións do ano anterior e non quere facelo a través de INTERNET pode presentar unha instancia dicindo que **se acolle ás peticións do ano anterior**, aínda que, no caso de ser posible, é preferible consulta-la puntuación e imprimir-la instancia que aparece xa gravada

DOCUMENTACIÓN - LUGAR DE ENTREGA.

A solicitude que sae xa cuberta desde a aplicación informática deberá ser asinada e rexistrada. Pode entregarse a solicitude, así como toda a documentación que, se é o caso necesiten xustificar, pode ser enviada **desde a secretaría do centro co rexistro de entrada e saída do centro**. (Os centros deben enviarnos as instancias recollidas o antes posible e os interesados/as deberán quedarse sempre cunha copia da súa instancia para caso de posibles reclamacións posteriores.) No caso de cargos directivos e órganos de coordinación didáctica que xa foron gravados desde os centros non é preciso xustificar documentalmente se a puntuación que consta é a correcta (deben de comprobalo). Tampouco hai que envialos xustificantes dos cursos organizados polos CFR de Galicia e realizados antes do 26-10-2005 (sempre que a puntuación que figure sexa a correcta)

No caso de enviar a solicitude por correo deberá **dirixirse á Dirección Xeral de Persoal na Consellería de Educación (San Caetano, s/n 15704 Santiago de Compostela)**.

I

INSTANCIA E FOLLAS DE ALEGACIONES A instancia e maila Folla de Alegacións (Folla de Servizos) e a de Alegacións ó Baremo (Novos méritos ou méritos non puntuados pola administración educativa) poden baixarse de Internet ou solicitalos na Consellería ou nas delegacións provinciais.

IMPRIMIR - VISOR PDF Se participa polo servizo web **é necesario imprimir-la solicitude**. Para iso, despois de valida-la solicitude que queira imprimir, debe volver a entrar no sistema e conseguirá imprimir-la instancia pulsando o botón **Imprimir** da pantalla de **Instrucións**. Se non lle sae o documento comprobante cuberto cos datos que gravou (fíxese que coincida coa última modificada que soe se-la que aparece en primeiro lugar) pode ser que a versión do Acrobat sexa antiga e precise unha nova versión. Pode descargar de balde unha nova versión desde o enderezo <http://www.adobe.es>. Debe segui-los pasos idóneos segundo se vai indicando para completa-la instalación do programa. Unha vez conseguida a instalación quizais necesite actualizar pulsando F5 ou saír e volver a entrar para imprimir xa sen ningún problema. Tamén, dependendo da conexión que teñan con Internet, e dependendo sobre todo do momento este proceso pode ser bastante lento. Nese caso aconséllase intentalo noutro momento. A información xa validada queda rexistrada e pode imprimirse en calquera outro momento ou desde calquera outro ordenador.

INSTANCIA IMPRESA - COMPROBANTE O comprobante que vostede teña asinado e rexistrado é o documento válido que, en caso de calquera problema, serve para calquera tipo de reclamación. Nós temos que recibir e valida-la instancia que ten que coincidir coa que vostede ten (o mesmo número de comprobante). Para posibles reclamacións haberá o prazo correspondente coma sempre.

R

RENUNCIAS

É moi importante sublimar que cando se desexe finalmente non obter destino no concurso **é necesario renunciar** aínda no suposto de non obter destino na resolución provisional do mesmo.

Tamén hai que ter claro que a renuncia se fai á participación no concurso de traslados e que non hai posibilidade de renuncia parcial a determinadas peticións realizadas.

S

SERVIDOR - FALLO NO SERVIDOR OU DESCONEXIÓNS

Pode ser que haxa puntualmente algún erro na conexión co servidor. Nese caso deberá intentalo un pouco máis tarde. Recorde que para poder acceder sen problema hai que poñer ben tódolos datos (DNI, Nome de usuario de conta de correo e clave do correo que teña no dominio @edu.xunta.es). Se a conexión non fose posible nun momento dado, inténteo de novo poñendo especial atención á clave do correo e seguindo as instrucións que se dan na Información sobre a participación mediante o servizo web. Se non lembra o contrasinal da conta de correo electrónico debe poñerse en contacto coa UAC (Unidade de Atención a Centros), segundo se indica nas Instrucións para participar empregando a páxina Web. Pode facelo enviando os seus datos por correo electrónico ó enderezo uac@edu.xunta.es indicando o seu NIF, Nome e apelidos completos e o centro de destino. Tamén contan con un número de fax (981934400) e un número de teléfono (902905445) por se ten dificultades na solicitude

V

VALIDACIÓN FINAL

Cada vez que se fai a Validación final xérase un novo número de serie que garda os cambios feitos con respecto da anterior. Isto é o correcto. Pódense xerar polo tanto varios números de comprobante pero finalmente será válido o que entregue asinado (que será o que se considere como válido cando o recibamos asinado e rexistrado dentro do prazo). Non se necesita validar cada cambio que faga (pode facer varios seguidos). Os cambios deben ser validados antes de saír de cada unha das páxinas nas que se estea a traballar e por suposto antes de saír do sistema, ou de abandona-la sesión de traballo, haberá que face-la **Validación final**.

Para posibles aclaracións sobre este tema poden dirixirse ao **servizo de profesorado de Secundaria** no correo persoal.secundaria@edu.xunta.es

Enderezo para o envío de documentación: Consellería de Educación, Secretaría Xeral - Subdirección Xeral de Persoal, Servizo de Profesorado de Secundaria, Edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)